



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E DOUS DE NOVEMBRO DE 2018

**EXPEDIENTE:** 2018/G010/000005

**Membros que asisten:**

**Alcalde-Presidente:**

José Antonio Santiso Miramontes

**Concelleiros:**

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luis Constante Freire Pérez de Juan

Fátima Insua López

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Francisco Javier Niño Ricoy

**Escusan a súa ausencia:**

**Secretario**

Adrián J. Márquez Caramés

**Interventora**

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás nove horas e trinta e un minutos do día vinte e dous de novembro de dous mil dezaoto e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES (31.07.2018 e 20.09.2018).**

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación ás actas de data 31.07.2018 e 20.09.2018 que estaba pendente de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación da acta todos os membros presentes.

**2. APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE ABEGONDO EXPEDIENTE: 2018/57/000001 e 2018/G003/000061.**

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

**ASUNTO:** APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE ABEGONDO  
**EXPEDIENTE:** 2018/57/000001 e 2018/G003/000061

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.** Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Orde do 14 de setembro de 2012, se outorga a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Abegondo (PXOM), publicada no DOG 184 do 26 de setembro de 2012.

**SEGUNDO.** O 21 de febreiro de 2014 o Pleno do Concello aprobou, de acordo co establecido no artigo 85.7.a) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, a corrección de erros na normativa do PXOM de Abegondo. A Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio, mediante a Orde do 27 de maio de 2014, resolveu a aprobación definitiva da corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Abegondo (A Coruña).

**TERCEIRO.** En data 14 de abril de 2016 a sección 002 da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza anulatoria do plan xeral estimando o recurso contencioso-administrativo interposto



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

pola Plataforma de Afectados o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Abegondo contra a Orde da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia, de catorce de setembro de 2012, sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Abegondo.

**CUARTO.** Esta sentenza foi ratificada polo Tribunal Supremo con data de 17 de xullo de 2017.

**QUINTO.** Ao abeiro do disposto na lei 2/2017 de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dende o Concello de Abegondo incoase o procedemento para a realización dunha ordenación provisional nos termos da citada Lei.

**SEXTO.** Co fin de dar aos veciños destes últimos núcleos a posibilidade de construír, emítese un bando municipal en agosto de 2017 onde se invita a todos aqueles veciños que teñan intención de obter licenza nun prazo de cinco anos a materializar un compromiso neste sentido antes do 15 de outubro de 2017. Con este compromiso búscase evitar que se propoñan núcleos onde antes non existira demanda cun fin meramente especulativo, facilitando a posibilidade de construír unha vivenda familiar a aqueles veciños realmente interesados en facelo.

**SÉTIMO.** Despois deste período de consulta pública, comprobouse que numerosos veciños de núcleos onde xa existía actividade urbanística tamén fixeron constar o seu interese en que eses núcleos recobrasen a súa vixencia na Ordenación Provisional.

**OITAVO.** O 18.01.2018 co nº de rexistro de entrada E.R.E 201800000111 Fernández Carballada e Asociados SLP presentou o estudo previo á adopción do instrumento de ordenación provisional do Concello de Abegondo.

**NOVENO.** O 02.02.2018 o secretario municipal emitiu o informe proposta para o estudo previo á adopción do instrumento de ordenación provisional do Concello de Abegondo.

**DÉCIMO.** En data 02.02.2018 o alcalde-presidente aprobou o estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito que se pretenda ordenar a través do devandito instrumento provisional e someteu este estudo ao informe urbanístico e ambiental vinculante dos órganos competentes da Administración da Comunidade Autónoma.

**UNDÉCIMO.** En data de 27/03/18 recíbese "informe urbanístico sobre a ordenación provisional do concello de Abegondo" e "informe ambiental".

**DÉCIMOSEGUNDO.** En data de 26/07/2018 recíbese resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao Instrumento de ordenación provisional do concello de Abegondo.

**DÉCIMOTERCEIRO.** En data 31.10.2018 o Concello recibiu da empresa encargada do asesoramento o documento urbanístico cos requirimentos indicados

**DÉCIMOCUARTO.** Consta o informe do arquitecto municipal e os informes de habilitación nacional necesarios.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

— A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 2/2017, de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia.

## CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** De acordo co artigo 84 da Lei 2/2017 de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, a regulación e mais as medidas establecidas neste título **serán de aplicación naqueles supostos en que a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal** ou dun decreto polo que se suspenda a vixencia da planificación urbanística municipal **por unha sentenza firme** supoña que **recobre a súa vixencia un instrumento de planificación anterior que, segundo o que se establece nesta lei, non responda á realidade urbanística existente no termo municipal**, xurdida ao amparo do instrumento anulado. O que é de aplicación neste caso. A Xustificación está contida na parte primeira do ESTUDO PREVIO Á ADOPCIÓN DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE ABEGONDO asinado polo técnico Álvaro Fernández Carballada, concretamente no punto 1.2.2:

*“Con anterioridade ao PXOM de 2012 anulado, existían unhas Normas Subsidiarias de Planeamento (NN.SS.MM. 1996) aprobadas o 27 de decembro de 1996, ademais das seguintes Modificacións Puntuais e Estudos de Detalle: Modificación e delimitación nas NN.SS.MM. para Plan Especial de Infraestrutura deportiva en Agra de Marcos (29/09/2000), Modificación e delimitación nas da UE-5 das NN.SS.MM., sita en San Tirso de Mabegondo (20/03/1999), Estudo de Detalle de Vivendas Sociais na UE-5 (20/03/1999) e Estudo de Detalle UE de San Marcos (20/09/1997).*

*As NN.SS.MM. do 1996 foron anuladas por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 14 de setembro do ano 2000, con sentenza firme do Tribunal Supremo do 27 de novembro de 2003. Polo tanto o Instrumento de ordenación vixente actualmente no Concello de Abegondo son as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra aprobadas o 14 de maio de 1991, e as correspondentes determinacións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de Solo de Galicia [...].”*

**SEGUNDA.** En todo caso, a adopción das medidas previstas deberá respectar o disposto nas sentenzas firmes que declaren a nulidade dos instrumentos de planificación urbanística ou dos decretos de suspensión, e as resolucións xudiciais recaídas na súa execución.

O que queda xustificado no informe técnico e na parte segunda do ESTUDO PREVIO Á ADOPCIÓN DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE ABEGONDO asinado polo técnico Álvaro Fernández Carballada.

**TERCEIRA.** As medidas de ordenación provisional non serán de aplicación ao solo clasificado como rústico no planeamento anulado, para o cal será de aplicación o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de acordo co establecido nas súas disposicións transitorias.

En ningún caso as medidas de ordenación provisional serán de aplicación cando o instrumento de ordenación provisional para o ámbito de que se trate deba someterse á avaliación ambiental estratéxica ordinaria de acordo co establecido na normativa básica estatal.

**CUARTA.** Para os efectos da protección do patrimonio cultural e da aplicación da Lei do patrimonio cultural de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Galicia, a simple declaración de nulidade do instrumento de ordenación urbanístico non implicará a perda da condición de bens declarados de interese cultural ou de bens catalogados dos bens incluídos no catálogo do instrumento de ordenación anulado, sendo de aplicación en todo caso o réxime derivado da lexislación indicada. O que se cumpre ao abeiro do indicado na parte segunda do ESTUDO PREVIO Á ADOPCIÓN DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE ABEGONDO asinado polo técnico Álvaro Fernández Carballada.

**QUINTA. O procedemento para a aprobación do instrumento de planificación será o seguinte:**

1. Para os efectos de aplicar as medidas de ordenación provisional previstas no presente título, será requisito necesario que o concello cuxo instrumento de planificación foi anulado inicie a tramitación dun novo, o procedemento de contratación dos servizos técnicos ou xurídicos necesarios para a súa redacción ou ben lles encomende a realización total ou parcial do instrumento aos servizos técnicos municipais.

2. En todo caso, o concello que aprobe instrumentos de ordenación provisional dos previstos na presente lei deberá presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobar inicialmente o novo instrumento no prazo de dous anos e aprobar provisionalmente o novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses. Os anteriores prazos contaránse cada un deles desde a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional. [O cumprimento dos trámites a que fai referencia o parágrafo anterior dentro dos prazos sinalados para tales efectos é requisito inescusable para o mantemento da vixencia dos instrumentos de ordenación provisional aprobados de acordo co previsto na presente lei. Transcorrido calquera dos prazos sinalados sen se cumpriren os trámites previstos neste artigo, o instrumento de ordenación provisional aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio do previsto na presente lei e quedará inmediatamente sen efecto.]

**3. Con carácter previo á adopción dun instrumento de ordenación provisional dos previstos na lei, realizarase un estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito que se pretenda ordenar a través do devandito instrumento provisional. Este estudo coincide co documento presentado por Fernández Carballada en data 17.01.2018**

**4. O devandito estudo e análise municipal someteranse a informe urbanístico e ambiental vinculante dos órganos competentes da Administración da Comunidade Autónoma.**

5. Unha vez emitidos os informes anteriores, o estudo será, se é o caso, aprobado polo concello, xustificando a necesidade da adopción das medidas de ordenación provisional previstas na presente lei.

**6. Con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites:**

a) O concello remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

b) O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo máximo de dous meses desde a recepción da documentación indicada na alínea anterior, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas de acordo co establecido na normativa indicada por un prazo máximo dun mes.

O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se a ordenación provisional ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, a ordenación provisional poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

7. O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao á información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

8. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable. Se a ordenación provisional prevista foi xa obxecto dos indicados informes con anterioridade, admitirase a reprodución ou confirmación dos criterios contidos nos informes emitidos no seu día polos órganos informantes, sen prexuízo das cuestións que se poidan engadir á vista de novas circunstancias ou da aprobación de normativa posterior.

9. Emitirase informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa presente lei.

10. A aprobación definitiva das ordenacións provisionais corresponderalle ao pleno do concello. Unha vez aprobadas definitivamente, as ordenacións provisionais publicaranse de acordo co establecido nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**SEXTA. De acordo co informe técnico municipal, cabe destacar:**

INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL do Concello de Abegondo

Arquitectos: Álvaro Fernández Carballada  
Beatriz Aneiros Filgueira

## 1. ANTECEDENTES

Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Orde do 14 de setembro de 2012, se outorga a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Abegondo (PXOM), publicada no DOG 184 do 26 de setembro de 2012.

O 21 de febreiro de 2014 o Pleno do Concello aprobou, de acordo co establecido no artigo 85.7.a) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, a corrección de erros na normativa do PXOM de Abegondo.

A Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio, mediante a Orde do 27 de maio de 2014, resolveu a aprobación definitiva da corrección de erros do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Abegondo (A Coruña).



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
D E  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

En data 14 de abril de 2016 a sección 002 da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza anulatoria do plan xeral estimando o recurso contencioso-administrativo interposto pola Plataforma de Afectados o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Abegondo contra a Orde da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia, de catorce de setembro de 2012, sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Abegondo. Esta sentenza foi ratificada polo Tribunal Supremo con data de 17 de xullo de 2017.

Con data de 9 de febreiro de 2017 publicase a Lei 2 2017 de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, ( en adiante LMFAO) nas que no seu título IV recolle as **medidas provisionais de ordenación urbanística**.

Con data de 02/02/2018 remítese á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o estudo da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación.

Con data de 27/03/18 recíbese "informe urbanístico sobre a ordenación provisional do concello de Abegondo" e "informe ambiental".

Con data de 30/05/2018 solicítase á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Con data de 26/07/2018 recíbese resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao Instrumento de ordenación provisional do concello de Abegondo. Achegase tamén copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas dos seguintes organismos: Instituto de Estudos do Territorio, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Ministerio de Fomento Secretaria General de Infraestructuras, Axencia Galega de Infraestructuras e un Particular.

Con data de 04/10/2018 recíbese informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático onde se achega copia dos informes do Servizo de Montes da Coruña, da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os incendios forestais e da Dirección General de Aviación Civil recibidos unha vez rematado o período de consultas e con posterioridade ao envío do informe ambiental estratéxico.

Con data de 16/10/2018 recíbese informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático onde se achega copia do informes da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento recibidos unha vez rematado o período de consultas e con posterioridade ao envío do informe ambiental estratéxico.

Con data de 6 de novembro rexístrase a entrada do documento correxido do IOP para a súa a probación provisional.

## 2. CONSIDERACIÓNS

Analízase neste informe técnico, relativo a esta fase da tramitación, a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación ca LMFAO, así como a adecuación do ámbito de aplicación da LMFAO a proposta de ordenación provisional, e o resto de aspectos relacionados co informe urbanístico sobre a ordenación provisional emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o informe ambiental estratéxico emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e os informes emitidos por distintos organismos tras o período de consultas.

acerca da formulación da ordenación provisional



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
D E  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

#### **Artigo 84. Ámbito de aplicación**

*Un. A regulación e mais as medidas establecidas neste título serán de aplicación naqueles supostos en que a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal ou dun decreto polo que se suspenda a vixencia da planificación urbanística municipal por unha sentenza firme supoña que recobre a súa vixencia un instrumento de planificación anterior que, segundo o que se establece nesta lei, non responda á realidade urbanística existente no termo municipal, xurdida ao amparo do instrumento anulado.*

*Estas medidas serán de aplicación, en particular, nos supostos de obsolescencia sobrevida do instrumento que recobra a súa vixencia debido á substancial modificación do marco lexislativo urbanístico recaído desde a súa aprobación, á radical mutación da normativa sectorial de aplicación ou á inadaptación do modelo existente de cidade respecto do previsto no devandito instrumento.*

Comprobase que se trata de un suposto onde existe unha declaración de nulidade do instrumento de planificación urbanística por unha sentenza firme.

*Dous. En todo caso, a adopción das medidas previstas no presente título deberá respectar o disposto nas sentenzas firmes que declaren a nulidade dos instrumentos de planificación urbanística ou dos decretos de suspensión, e as resolucións xudiciais recaídas na súa execución.*

En base a documentación da que consta o "estudo da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación", este respecta o disposto na sentenza firme que declarou a nulidade do PXOM.

*Tres. A adopción das medidas establecidas nesta lei entenderase sen prexuízo da posibilidade de modificar puntualmente o plan que recobra vixencia, cos requisitos previstos na lexislación vixente.*

Comprobase que a proposta de ordenación provisional achegada non modifica os ámbitos propostos do plan que recobra vixencia.

*Catro. As medidas de ordenación provisional non serán de aplicación ao solo clasificado como rústico no planeamento anulado, para o cal será de aplicación o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de acordo co establecido nas súas disposicións transitorias.*

Comprobase que a proposta de ordenación provisional achegada limitase a recuperar a ordenación do solo urbano consolidado e o solo de núcleo rural.

*Cinco. En ningún caso as medidas de ordenación provisional serán de aplicación cando o instrumento de ordenación provisional para o ámbito de que se trate deba someterse á avaliación ambiental estratéxica ordinaria de acordo co establecido na normativa básica estatal.*

Comprobase que en base o contido do "estudo da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación", xa que logo no se afecta a rede natura 2000 de maneira significativa, non será obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

#### **Artigo 88. Estudo da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación en cada ámbito que se pretenda ordenar provisionalmente**

*Un. Con carácter previo á adopción dun instrumento de ordenación provisional dos previstos na presente lei, realizarase un estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito que se pretenda ordenar a través do devandito instrumento provisional.*

Con data de 02/02/2018 remítese á Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio o estudo da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación

*Dous. O devandito estudo e análise municipal someteranse a informe urbanístico e ambiental vinculante dos órganos competentes da Administración da Comunidade Autónoma.*

Sométese o estudo e análise municipal a informe urbanístico e ambiental.

*Tres. O informe urbanístico pronunciarase sobre a coincidencia da ordenación provisional coa prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado e, de ser o caso, nos seus instrumentos de desenvolvemento, así como sobre a adecuación das medidas de ordenación provisional adoptadas ao previsto na presente lei.*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

O informe conclúe que se axusta ao establecido na lei, con suxeición ás seguintes condicións:

- Deberase xustificar a obsolescencia dos núcleos de Herminde, o Igrexario, Xuanzo, Beade, Fontao e Tras da Igrexa que, pese a estar vixentes, se modifican para incluílos na OP.
- Non cabe incluír na ordenación provisional os ámbitos afectados polos planes especiais PEP-1 e PEI/D2 do PXOM 2012, por introducir determinacións de ordenación sobre o solo rústico.
- Cómpre incorporar o axusto do artigo 1, sección 4ª, capítulo IV, título IV do PXOM 2012, á estimación anulatoria parcial do recurso interposto por Telefónica Móviles España.
- Deberase eliminar as parcelas vacantes na periferia dos núcleos comúns de as Quintás, a Calva, Damil, Figueroa Pequeno, Nespereira, Fontao, o Couto, Santín e Vorducedo Grande, por non quedar acreditada a necesidade do crecemento proposto.
- A xustificación da suficiencia das infraestruturas de abastecemento e saneamento será analizada no seo do informe sectorial do organismo de conca correspondente.

Estes condicionantes, xa son tidos en conta na documentación enviada para a avaliación ambiental do IOP, e constan na documentación do IOP para a aprobación inicial.

Segundo a memoria, con respecto das delimitacións aprobadas (hoxe vixentes) xustificase a súa obsolescencia xa que non ordenan os núcleos (non definen aliñacións nin as ordenanzas de aplicación), nin incorporan as preceptivas afeccións sectoriais imprescindibles para o correcto desenvolvemento do mesmo.

Compróbase que se eliminan os ámbitos afectados polos planes especiais PEP-1 e PEI/D2.

Compróbase que se inclúen as modificacións esixidas relativas á estimación anulatoria parcial do recurso interposto por Telefónica Móviles España.

Tras unha reunión ca técnico da consellería, tras o estudo pormenorizado das parcelas vacantes dos núcleos citados con fotografías actuais e superpoñendo os planos catastrais, procédese á supresión daquelas parcelas vacantes na periferia, que non foron obxecto de solicitude de licenzas no período de vixencia do PXOM.

Compróbase que se xustifica a suficiencia das infraestruturas de abastecemento e saneamento en base a información de demanda aportada pola empresa concesionaria, pero que deberá ser analizada no seo do informe sectorial do organismo de conca correspondente.

*Catro. O informe ambiental pronunciarase sobre a tramitación ambiental que se realice para a aprobación do instrumento de ordenación provisional de que se trate, de acordo co establecido na normativa básica estatal sobre avaliación ambiental e atendendo á súa específica natureza.*

O informe conclúe que procede inicialmente someter as medidas de ordenación provisional do concello de Abegondo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificado.

*Cinco. Unha vez emitidos os informes anteriores, o estudo será, se é o caso, aprobado polo concello, xustificando a necesidade da adopción das medidas de ordenación provisional previstas na presente lei.*

Con data de 2 de febreiro aprobase o estudo.

### **Artigo 89. Contido do estudo**

*No estudo a que se refire o artigo anterior deberá analizarse para o ámbito afectado:*

*– O instrumento de ordenación urbanística que recobra a súa vixencia, e a lexislación ao abeiro da cal se aprobou.*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

– A adecuación do instrumento de ordenación que recobra a súa vixencia á lexislación urbanística e sectorial vixente, tendo en conta o expresado no artigo seguinte, así como á realidade urbanística existente no ámbito afectado, xurdida ao abeiro do instrumento de planificación anulado.

– A proposta de aprobación dunha ordenación provisional cos límites e de acordo co procedemento previsto na presente lei.

Comprobase que se analiza no estudo o instrumento de ordenación urbanística que recupera a súa vixencia e a lexislación ao abeiro da cal se aprobou, que existe no estudo unha análise da adecuación do instrumento de ordenación que recupera a súa vixencia e á lexislación sectorial vixente, así como á realidade urbanística existente no ámbito.

Por último comprobase que se achega unha proposta de ordenación provisional cumprindo os límites da LMFAO.

#### **Artigo 90. Contido e vixencia da ordenación provisional**

*Un. A ordenación provisional que se propoña para o ámbito afectado deberá ser coincidente coa prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado e, de ser o caso, nos seus instrumentos de desenvolvemento, nos termos previstos nos artigos seguintes. Só se poderán realizar as modificacións que sexan necesarias para adaptar a regulación ao contido das sentenzas xudiciais que se refiran ao ámbito afectado, ao exixido pola lexislación sectorial de acordo cos informes recaídos no procedemento e ao resultado da información pública practicada e da tramitación ambiental realizada. Igualmente, poderán realizarse as modificacións que permitan asignar usos globais axeitados para implantar novas dotacións e equipamentos, públicos ou privados, ou para implantar novas actividades económicas, empresariais ou produtivas, substituindo o uso residencial polo uso industrial, terciario ou comercial.*

*Non será necesaria a adaptación dos instrumentos de ordenación provisional á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e será de aplicación en todo caso esta, de acordo co disposto nas súas disposicións transitorias, segundo a data de aprobación definitiva do instrumento de ordenación anulado e a lexislación á que este estea adaptado, circunstancia que se indicará expresamente na ordenación provisional.*

*Dous. A ordenación provisional, unha vez aprobada, sen prexuízo da posibilidade da súa modificación polos procedementos de modificación do plan establecidos na Lei do solo, estará en vigor ata que se substitúa pola prevista no novo instrumento de ordenación para ese ámbito ou, de ser o caso, ata que transcorra calquera dos prazos sinalados no artigo 87 da presente lei sen se cumpriren os trámites previstos no citado artigo.*

Comprobase que a ordenación proposta e coincidente ca prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado eliminando aqueles ámbitos necesarios para dar cumprimento a sentenza, así como os núcleos comúns de as Quintás, a Calva, Damil, Figueroa Pequeno, Nespereira, Fontao, o Couto, Santín e Vorducedo Grande, para dar cumprimento condicionado do informe urbanístico.

Do mesmo xeito redúcese substancialmente o número máximo de novas vivendas, pasando de 2622 a 1050.

Na ordenación provisional non se contemplan solos urbanos non consolidados, polo que aqueles expresamente anulados na sentenza non forman parte do instrumento de ordenación provisional. Comprobase que se eliminan da proposta de ordenación provisional no solo urbano consolidado aqueles ámbitos sinalados na sentenza, tanto no núcleo de San Tirso coma no de San Marco.

#### **Artigo 91. Ordenación provisional en solo clasificado como urbano e de núcleo rural no instrumento anulado**

*Poderanse aprobar instrumentos de ordenación provisional para o solo urbano consolidado e de núcleo rural, coincidentes coa ordenación recollida no instrumento anulado, de acordo co indicado no artigo anterior. A ordenación provisional prevista nos devanditos instrumentos será de aplicación de conformidade coas regras establecidas na disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo a data de aprobación definitiva do instrumento anulado.*

Comprobase que a ordenación proposta e coincidente ca prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado nos solos de núcleo rural e no solo urbano consolidado, agás os núcleos comúns de as Quintás, a Calva, Damil, Figueroa Pequeno, Nespereira, Fontao, o Couto, Santín e Vorducedo Grande, para



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

dar cumprimento condicionado do informe urbanístico

**Artigo 92. Ordenación provisional en ámbitos suxeitos a desenvolvemento urbanístico**

*Un. No solo suxeito a desenvolvemento urbanístico de acordo co instrumento anulado e os seus instrumentos de desenvolvemento, o concello deberá xustificar a elección dos ámbitos que ordene provisionalmente a través dos instrumentos previstos na presente lei, incidindo na concorrencia dun especial interese xeral, polo seu carácter dotacional ou de equipamento público ou privado, por tratarse da planificación de espazos para actividades económicas ou áreas para actividades produtivas ou empresariais que acollan usos industriais, terciarios ou comerciais en substitución de usos residenciais, a afección a elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica do territorio, o seu grao de desenvolvemento, ou pola súa inclusión nun plan estratéxico municipal.*

*Dous. De acordo co indicado no apartado anterior, entenderase que concorre interese xeral en atención ao seu grao de desenvolvemento urbanístico, para os efectos da súa ordenación provisional no recoñecemento do grao de cumprimento dos deberes de execución do planeamento urbanístico que foron desenvolvidos de conformidade coa lexislación urbanística, sempre que acadasen no seu día a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución e cumprisen co deber de cesión e de distribución de cargas e beneficios.*

*Tres. Naqueles supostos nos que o instrumento de equidistribución aprobado no seu día resulte afectado no seu contido polo disposto na ordenación provisional, deberá aprobarse un novo instrumento de equidistribución adaptado á indicada ordenación.*

*Catro. Naqueles supostos nos que o grao de desenvolvemento urbanístico acadado determinase a consideración do solo como urbano consolidado, o instrumento de ordenación provisional recoñecerá o indicado grao de desenvolvemento e clasificación.*

Compróbase que a ordenación proposta elimina os ámbitos suxeitos a desenvolvemento urbanístico.

**Artigo 93. Tramitación para a aprobación da ordenación provisional**

*Un. A tramitación da aprobación dos instrumentos de ordenación provisional regulados no presente título axustarase ao procedemento establecido neste artigo.*

Compróbase que a tramitación se axusta ao procedemento establecido no presente artigo.

*Dous. Con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites:*

*a) O concello remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.*

*b) O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo máximo de dous meses desde a recepción da documentación indicada na alínea anterior, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas de acordo co establecido na normativa indicada por un prazo máximo dun mes.*

*O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se a ordenación provisional ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, a ordenación provisional poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.*

*O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.*

Con data de 30/05/2018 solicítase á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, achegando borrador da ordenación provisional e documento ambiental estratéxico.

Con data de 26/07/2018 recíbese resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao Instrumento de ordenación provisional do concello de Abegondo.

Na resolución propónse non someter ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria o instrumento de ordenación provisional do concello de Abegondo, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade da proposta, establece as seguintes determinacións:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- Contemplarase na normativa as limitacións de uso derivadas do ruído, conforme sinala a AXI no seu informe.
- Os planos de ordenación deberán recoller o trazado complementario, o trazado con vestixios históricos e o territorio histórico asociado ás rutas do Camiño de Santiago que discorren polo concello. Así mesmo, incorporarán o contorno de protección dos bens catalogados, actualizando as clases, categorías e niveis de protección dos bens conforme ao disposto na Lei do patrimonio cultural de Galicia.

Compróbase que se teñen en conta estas determinacións na documentación para a aprobación inicial do IOP.

acerca dos informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do instrumento de ordenación provisional:

Con data de 26/07/2018, ademais da resolución da DX de Calidade Ambiental, achéganse copias dos seguintes comentarios e informes:

- Instituto de Estudos do Territorio  
Xustifícase na memoria do IOP que non é necesario modificar ningún aspecto do IOP.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural  
Tras unha reunión na DX de Patrimonio Cultural co fin de concretar e aclarar diversos aspectos do contido do informe, en base a que se trata de unha figura de ordenación de unha duración limitada e que xa se está a traballar na redacción de un novo PXOM, concréntanse as modificacións necesarias nas fichas do catálogo, así como, entre outras, a necesidade de representar o trazado oficial do Camiño de Santiago.  
Xustifícase na memoria do IOP a modificación das fichas dos elementos do catálogo (afectado polo ámbito do IOP), no sentido de actualizalas á actual lexislación. Do mesmo xeito actualízase o trazado do Camiño de Santiago á delimitación aprobada por Decreto 110/2014 de 4 de setembro.
- Ministerio de Fomento Secretaria General de Infraestructuras  
Xustifícase na memoria do IOP o cumprimento do solicitado no informe.
- Axencia Galega de Infraestructuras  
Xustifícase na memoria do IOP a actualización da normativa solicitada no informe.
- Particular  
Xustifícase na memoria do IOP que considerando o contido e alcance do instrumento de ordenación provisional, non procede a incorporación no documento dos aspectos sinalados no escrito achegado.

acerca dos informes recibidos unha vez rematado o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do instrumento de ordenación provisional, e con posterioridade ao envío do informe ambiental estratéxico:

Con data de 04/10/2018 recíbese informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático onde se achega copia dos informes do Servizo de Montes da Coruña, da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os incendios forestais e da Dirección General de Aviación Civil

- Servizo de Montes da Coruña



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Xustificase na memoria do IOP a actualización normativa segundo o establecido no informe. Aclarase que o réxime do solo fóra do ámbito do IOP é o derivado da aplicación directa da LSG, así como da lexislación sectorial en vigor.

- Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os incendios forestais

Xustificase na memoria do IOP que o réxime do solo fóra do ámbito do IOP é o derivado da aplicación directa da LSG, así como da lexislación sectorial en vigor.

- Dirección General de Aviación Civil

Xustificase na memoria do IOP o cumprimento do solicitado no informe.

Con data de 16/10/2018 recíbese informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático onde se achega copia do informes da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento

Xustificase na memoria do IOP o cumprimento do solicitado no informe.

Compróbase a integración de aqueles informes ou escritos recibidos como resultado do período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do instrumento de ordenación provisional no IOP.

*Tres. O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao á información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

*Catro. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.*

*Se a ordenación provisional prevista foi xa obxecto dos indicados informes con anterioridade, admitirase a reprodución ou confirmación dos criterios contidos nos informes emitidos no seu día polos órganos informantes, sen prexuízo das cuestións que se poidan engadir á vista de novas circunstancias ou da aprobación de normativa posterior.*

*Cinco. Emitirase informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa presente lei.*

*Seis. A aprobación definitiva das ordenacións provisionais corresponderalle ao pleno do concello. Unha vez aprobadas definitivamente, as ordenacións provisionais publicaranse de acordo co establecido nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

O resto dos puntos, non son obxecto do informe o tratar a tramitación posterior.

**Comprobase, no relativo a esta fase de tramitación, que as actuacións realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada e a propia ordenación proxectada son conformes ca lei 2/2017 de 9 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.**

## SUSPENSIÓN DE LICENZAS

A suspensión de licenzas describíse no artigo 47 da LSG e no artigo 86 do seu regulamento.

### RLSG Artigo 86. Suspensión de licenzas



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
D E  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

1. Os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, co fin de estudar a súa formulación, revisión ou modificación. Esta suspensión extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano.

O acordo de suspensión deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia (artigo 47.1 da LSG).

2. O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a devandita aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento (artigo 47.2 da LSG).

En consonancia co disposto no número 1, debe entenderse que a suspensión determinada polo acordo de aprobación inicial do planeamento tamén estará referida ás licenzas de parcelación, edificación e demolición.

Tal e como se recolle no artigo 86.2 do RLSG, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso de que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente.

Na actualidade, o concello de Abegondo carece de planeamento urbanístico polo que é de aplicación a Disposición Transitoria Primeira da lei 2/2016 do solo de Galicia:

4. Nos municipios sen planeamento xeral aplicarase o réxime de solo rústico establecido nesta lei, coas seguintes particularidades:

a) Unicamente poderá edificarse nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 17.a) desta lei.

b) As delimitacións de núcleo rural manterán a súa vixencia.

As delimitacións de solo de núcleo rural que manteñen a súa vixencia, tal e como se xustifica na memoria, enténdense obsoletas, carecendo de aliñacións e de ordenanzas. A aprobación do IOP supón unha modificación da ordenación urbanística vixente.

Naquel solo urbano consolidado, por cumprir reunir os requisitos establecidos no artigo 17.<sup>a</sup>; ante a inexistencia de planeamento, eran de aplicación as NNSSPP. Ca recente aprobación do Plan Básico Autonómico, serán de aplicación as ordenanzas do mesmo. A aprobación do IOP supón unha modificación da ordenación urbanística vixente.

No resto do territorio afectado polo ámbito do IOP, é de aplicación o réxime de solo rústico establecido na lei. A aprobación do IOP supón unha modificación da ordenación urbanística vixente.

**Polo tanto, a aprobación do IOP supón unha modificación da ordenación urbanística vixente na totalidade do seu ámbito de aplicación; co que o acordo de aprobación inicial determina por si só a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición.**

3. En ambos os casos, a suspensión poderá referirse a todas ou algunha das actividades citadas, e non afectará:

a) As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.

b) Ás licenzas de primeira ocupación.

c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

*d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.*

Proporase a suspensión de licenzas de parcelación, edificación e demolición, dando cumprimento o contemplado no presente punto.

*4. O documento en que se recolla a suspensión incorporará un resumo executivo, o cal deberá expresar, polo menos, os seguintes aspectos:*

*a) No caso de que haxa ordenación proxectada, delimitación dos ámbitos a que esta altera a vixente, cun plano da súa situación e determinación do alcance da dita alteración.*

*b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a duración da dita suspensión.*

*c) O alcance das licenzas que suspende, de acordo co establecido no número 3 deste artigo.*

Comprobase que figura na memoria un resumo executivo.

*5. Se con posterioridade ao acordo que determine a suspensión facultativa se reduce o ámbito afectado, o órgano administrativo competente que a acordase procederá a levantar a suspensión en relación co solo e/ou actividades obxecto de exclusión, e observaranse os mesmos requisitos de publicidade que se exigen para acordar a suspensión.*

*6. Extinguidos os efectos da suspensión en calquera dos supostos previstos, non poderán acordarse novas suspensións por idéntica finalidade, no prazo de catro anos (artigo 47.3 da LSG).*

*Para tal efecto, enténdese por idéntica finalidade a redacción, revisión ou modificación dun instrumento de planeamento urbanístico da mesma natureza e obxectivos que o que motivou a primeira suspensión, e que afecte ou inclúa o mesmo ámbito de planeamento.*

*7. Mentres dure a suspensión de licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e o artigo 204 deste regulamento (artigo 47.5 da LSG).*

Autorizaranse os usos e obras provisionais descritos no presente punto.

A aprobación do IOP supón unha modificación da ordenación urbanística vixente na totalidade do seu ámbito de aplicación; co que o acordo de aprobación inicial determina por si só a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición.

Esta suspensión non afectará:

a) As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.

b) Ás licenzas de primeira ocupación.

c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.

d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

Mentres dure a suspensión de licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e o artigo 204 do seu regulamento.

O ámbito de suspensión de licenzas será o mesmo que o ámbito de aplicación do IOP.

## CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación achegada para a aprobación inicial do Instrumento de Ordenación Provisional do concello de Abegondo emito o seguinte informe técnico:

**PRIMEIRO.** Comprobase que se trata de un suposto onde existe unha declaración de nulidade do instrumento



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

de planificación urbanística por unha sentenza firme e que se dan as condicións para atoparse dentro do ámbito de aplicación das medidas provisionais de ordenación urbanística.

**SEGUNDO.** Comprobase que a ordenación proposta e coincidente ca prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado eliminando aqueles ámbitos necesarios para dar cumprimento a sentenza, do mesmo xeito comprobase que a ordenación proposta elimina os ámbitos suxeitos a desenvolvemento urbanístico.

**TERCEIRO.** Comprobase que o Instrumento de Ordenación Provisional contempla os condicionantes esixidos no "informe urbanístico", que se teñen en conta as determinacións da resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico, e que se integran os informes ou escritos recibidos como resultado do período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do instrumento de ordenación provisional no IOP.

**CUARTO.** Comprobase que a tramitación se axusta ao procedemento establecido no artigo 93 da lei 2/2017 de 9 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

**QUINTO.** Comprobase, no relativo a esta fase de tramitación, que as actuacións realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada e a propia ordenación proxectada son conformes ca lei 2/2017 de 9 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

**SEXTO.** A aprobación do IOP supón unha modificación da ordenación urbanística vixente na totalidade do seu ámbito de aplicación; co que o acordo de aprobación inicial determina por si só a a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición.

Esta suspensión non afectará:

- a) As obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

Mentres dure a suspensión de licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e o artigo 204 do seu regulamento.

O ámbito de suspensión de licenzas será o mesmo que o ámbito de aplicación do IOP.

### SÉTIMA. Suspensión de licenzas

De acordo co establecido no artigo 86.2 do RLSG, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento determinará, por sí solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso de que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente. As áreas afectadas pola suspensión, que terá unha duración máxima de dous anos, a contar dende a aprobación inicial, reflíctense no resumo executivo conformante da proposta de IOP e o indicado no informe técnico que forma parte desta proposta de acordo.

Esta suspensión non afectará (artigo 86.3 do RLSG):

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás en caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan o



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

aumento do volume edificado.

b) As licenzas de primeira ocupación.

c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e o IOP inicialmente aprobado.

d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos e actividades autorizados polo novo planeamento.

Mentres dure a suspensión de licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do RLSG (artigo 47.5 da LSG).

**OITAVA.** É competente para adoptar o correspondente acordo o Pleno do Concello de Abegondo, toda vez que se trata de recuperar a ordenación establecida nun instrumento de planeamento xeral cuxa aprobación tamén lle corresponde en virtude do na Lei de Bases de Réxime local e 61.2 da Lei do Solo de Galicia.

**NOVENA.** O Instrumento de Ordenación Provisional do Concello de Abegondo componse dos seguintes documentos:  
**01 memoria 02 anexos 03 normativa 04 planos**

**Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación, propónse a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobado inicialmente **o instrumento de ordenación provisional do Concello de Abegondo, de acordo coa documentación que obra no expediente.**

**SEGUNDO.** Someter este instrumento a información pública durante vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable. Se a ordenación provisional prevista foi xa obxecto dos indicados informes con anterioridade, admitirase a reprodución ou confirmación dos criterios contidos nos informes emitidos no seu día polos órganos informantes, sen prexuízo das cuestións que se poidan engadir á vista de novas circunstancias ou da aprobación de normativa posterior.

**TERCEIRO.** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Logo da explicación do alcalde-presidente, na que indica que a Xunta sacou a Lei de medidas urxentes porque se estaban anulando moitos plans, que se incluíron todos os núcleos nos que se construíra excepto en Meangos porque a Xunta o recurtou, resultado diso é o documento que se trae a aprobación. Ábrese o debate:

**Francisco Javier Niño Ricoy:** O meu grupo vai absterse. Por un lado é un parche dun plan que quedou en suspenso ou foi anulado e non recolle todo o concello. E o tema da transparencia e a participación dos veciños



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

acerca da deriva urbanística do concello.

**Alcalde-Presidente:** Isto son medidas provisionais que se axustan á sentenza e ao que pide a Xunta. Con respecto á transparencia xa o verá no novo PXOM que non nos imos meter, o explicará o equipo redactor aos veciños e van ir por todas as parroquias e xa se darán conta o que denunciaron o que fixeron.

**Fátima Ínsua López:** Imos explicar os motivos de non votar a favor. Vimos o problema de avalar os veciños para poder construír, que logo o secretario recomendou devolver.

**Alcalde-Presidente:** Non vamos ratificar o que dí, mantivéronse todos os núcleos onde se construiu e onde non houbo ningunha actividade houbo xente que solicitou e se lle requiriu aval.

**Fátima Ínsua López:** ¿ E por qué houbo a xente a que se lle negou?

**Alcalde-Presidente:** Tramitouse en urbanismo e descoñezo os pormenores pero aínda teñen a posibilidade de alegacións.

**Fátima Ínsua López:** Introdúcense núcleos onde hai casas sen licenza como o O Pazo e no mesmo núcleo quedan outras con licenza.

**Alcalde-Presidente:** A Xunta dixo que non se podían modificar os núcleos. As construcións que hai sexa legais ou ilegais son as que saen das fotografías aéreas.

**Fátima Ínsua López:** Temos dúbidas sobre a aplicación xurídica desta norma, que "recobra vixencia" o planeamento anterior e que se aplica o planeamento anulado...

**Secretario:** Recobra vixencia o planeamento anulado e a día de hoxe son de aplicación as Normas subsidiarias.

**Fátima Ínsua López:** Pero non se xustifica o porqué da ordenación provisional, Carballada indica as súas discrepancias coa anulación do plan pero non hai xustificación.

**Alcalde-Presidente:** Os veciños a título particular entenderon que non había crecemento no concello ou exceso de número de vivendas o que foi ratificado por un xuíz e por iso a xunta arbitrou esas medidas provisionais.

Hai xente no público que ameazou que, ou lle entraba a finca no plan ou o tumbaba. A sentenza xa a houbo. Pero hai unha normativa que permite recuperar onde non se mete o xulgado.

**Fátima Ínsua López:** O que dicimos é que o crecemento non está xustificado. Non sabemos máis que a Xunta nin os técnicos pero entendemos que este ámbito de aplicación é dubidoso.

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

**Votos a favor: 8** (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata DíazLuís Constante Freire Pérez de Juan)

**Votos en contra: 0**

**Abstención: 5** (Francisco Javier Niño Ricoy, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

### 3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Dáse conta dunha proposición presentada pola Alcaldía que dí:

**ASUNTO:** APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACION DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLES

**EXPEDIENTE:** 2018/G006/000096

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Acta de data 05/07/2016 sobre a reunión en Carral entre os representantes de algúns dos municipios que



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

pretenden constituir a asociación (Betanzos, Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Carral, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña) na que se consensuou unha proposta de estatutos para a constitución da asociación como fase previa a aprobación dos estatutos por cada concello.

**SEGUNDO.** Providencia da Alcaldía de data 10/11/2016 e informe da Secretaría de data 10/11/2016 para a aprobación da adhesión do Concello de Abegondo Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

**TERCEIRO.** Acordo plenario do Concello de Abegondo de data 17/11/2016 do seguinte teor literal:

“**PRIMEIRO.** Manifestar a vontade do Concello de Abegondo de adherirse á asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do camiño inglés de Santiago, xunto cos concellos de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Pontedeume, Neda, Miño, Betanzos, Carral, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña.

**SEGUNDO.** Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos, e expresar a vontade de concorrer á Asemblea que os aprobe definitivamente.

**TERCEIRO.** Designar ao Sr. Alcalde-Presidente como representante titular da Corporación na Asemblea e na constitución da futura Asociación e a concelleira Francisca Bestilleiro Roel, como suplente do anterior.”

**CUARTO.** Acta de data 20/06/2017 da Asemblea celebrada en Carral entre os representantes dos ditos concellos na que se aproban e asinan os estatutos e se elixe a Xunta directiva que rexerá a Asociación de Concellos do Camiño Inglés, xuntando a acta fundacional específica para a remitir ao Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

**QUINTO.** Requirimento de emenda de deficiencias da xefa de sección da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 27/09/2017, no que indica que hai que revisar e modificar determinados artigos dos estatutos.

**SEXTO.** Acordo do Pleno do Concello de Abegondo de data 30/11/2017 no que se aprobou a modificación dos estatutos a Asociación de Concellos do Camiño Inglés, na que se engadiu o punto 3 ao artigo 19 e se modificou a redacción do artigo 22.1.c.

**SÉTIMO.** Desde a sección de Turismo da Deputación Provincial da Coruña comunicóuselles aos concellos integrantes da Asociación de Concellos do Camiño Inglés que deberán aprobar a modificación dos estatutos nos seus plenos para continuar co proceso de inscrición da Asociación de concellos do Camiño Inglés no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia. Desde os concellos de Carral e Fene achegaron tamén dúas suxestións de corrección dos estatutos, nos artigos 24, 25 e 26, que consideramos deben terse en conta.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
- O Real decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións e das súas relacións cos restantes Rexistros de Asociacións.

## CONSIDERACIÓNS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**PRIMEIRA.** A disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece:

“1. As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará, en defecto de normativa específica, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

2. As asociacións de entidades locais rexeranse polos seus estatutos, aprobados polos representantes das entidades asociadas, os cales deberán garantir a participación dos seus membros nas tarefas asociativas e a representatividade dos seus órganos de goberno.”

Logo de ver os seguintes antecedentes que constan no expediente e segundo o disposto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.b) e 47.3.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Esta alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación dos estatutos da "Asociación de Concellos do Camiño inglés" aprobados polos Plenos dos concellos integrantes da asociación e polos representantes dos ditos concellos na Asemblea de data 20/06/2017 e modificados posteriormente engadindo o punto 3 do artigo 19 e modificando a redacción do artigo 22.1.c.

**Os estatutos quedarán redactados como segue:**

“ESTATUTOS  
ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

**CAPÍTULO I**

**DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

**Artigo 1º.-**

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”

2.- A asociación rexerase polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2º.-**

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Oroso. C/Isaac Diaz Pardo Sigüeiro 15888 provincia da Coruña e teléfono 981/691/478.

**Artigo 3º.-** A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

**Artigo 4º.-**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**C O N C E L L O**  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- Terá un carácter non lucrativo.
- Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

#### **Artigo 5º.-**

1. Son fins principais da asociación:

- Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.
- Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.
- Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.
- Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.
- Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**C O N C E L L O**  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.

- Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

- Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.
- Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

## CAPÍTULO II

### DOS ASOCIADOS

#### Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.

4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

#### Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

- Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- Participar nas áreas da asociación.
- Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- Ter coñecemento da execución do orzamento.
- Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

#### Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

**Artigo 9º.** A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- α. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- β. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- χ. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- δ. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

**Artigo 10º.- Membro amigo**

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

### CAPÍTULO III

#### DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

**Artigo 11º.-** Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

- Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.
- Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.
- Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

**Artigo 12º.-** A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

**Artigo 13º.-** Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e. Disolver a asociación



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

**Artigo 14º.-**

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o secretario da asociación.

**Artigo 15º.-** Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

**Artigo 16º.-** Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente
- f. Disolución da entidade

**Artigo 17º.-** As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

**Artigo 18º.-** A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**Artigo 19º.-**

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
  - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
  - b. Por perda da condición de membro da asociación
  - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

**Artigo 20º.-** O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

**CAPÍTULO IV  
DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 21º.-** A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

**Artigo 22º.-** Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

**Artigo 23º.-** A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

## CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

**Artigo 24º.-** Patrimonio da asociación

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

**Artigo. 25º.-** Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**C O N C E L L O**  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**Artigo 26º.-**

1. Os recursos da Asociación procederán de:
  - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
  - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
  - c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
  - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:
  - Ata 5.000 habitantes
  - De 5.001 a 10.000 habitantes
  - De 10.001 a 30.000 habitantes
  - De 30.001 a 50.000 habitantes
  - De 50.001 a 100.000 habitantes
  - Máis de 100.000 habitantes
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

**CAPÍTULO VI**  
**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

**Artigo 27º.-**

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

**CAPÍTULO VII**  
**DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 28º.-**

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
- Por resolución xudicial e firme

- Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira-. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.”

**SEGUNDO.** De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladoras das facendas locais e o artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90 o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente.

**TERCEIRO.** Deixar sen efecto os acordos adoptados polo Pleno do Concello de Abegondo que sexan contrarios á proposta de estatutos que se aproba.

**CUARTO.** Remitir o acordo adoptado á sección de Turismo da Deputación Provincial da Coruña para a sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

Non habendo debate, procedese á votación da proposta presentada co seguinte resultado:

**Votos a favor: 12** (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

**Votos en contra: 0**

**Abstención: 1** (Francisco Javier Niño Ricoy)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

### PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

#### 4. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO (PERÍODO MEDIO DE PAGO E CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS)

Dáse conta deste asunto.

#### 5. DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

#### 6. ROGOS E PREGUNTAS.

O alcalde-presidente contesta en relación cunha pregunta do pleno anterior que a edificación en Amcenda está no inventario e que se están a recuperar as chaves que as teñen os veciños.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

O tema do Chiquitero xa lle respondín, ao que responde Francisco Javier Niño que lle parece de dubidosa legalidade e falla de ética, logo dun pequeno intercambio de opinións pásase ás preguntas.

**Francisco Javier Niño Ricoy:** Castro de Cerneda, se hai programa de protección do patrimonio do Concello, non vaia a ser que suceda como en Negreira. ¿Hai algún proxecto de limpeza de eucaliptos ou que se acordoe a zona?

**Alcalde-presidente:** O banquegal entregounos da parcelaria ese castro e mandei limpar a zona. Pódese facer un proxecto de cara ao futuro.

**Francisco Javier Niño Ricoy:** Mentres tanto garantir que iso non quede destruído.

**Alcalde-presidente:** Secretario, que, a proposta de Son, fagan unha memoria e orzamento para limpeza, ornamento e protección do castro.

**Francisco Javier Niño Ricoy:** E o cruceiro de Figueroa estaba desplazado, xa llo indiquei ao servizo de urbanismo.

**Fátima Ínsua López:** ¿Vai vir un técnico de patrimonio ver o Pazo?

**Alcalde-presidente:** Non teño constancia.

**Fátima Ínsua López:** ¿Vaise vender un monte en Cerneda?

**Alcalde-presidente:** O que imos facer é cortar as árbores e replantar.

**Fátima Ínsua López:** saiu unha noticia sobre a sentenza da gasoleira de San Marcos, ¿cómo está ese tema?

**Secretario:** Este tema ven dunha reposición de legalidade ao abeiro da licenza de primeira ocupación, déuselle licenza e anulouse xudicialmente a anterior, o concello está estudando o tema para cando soliciten execución da sentenza.

**Alcalde-presidente:** De momento a gasoleira ten licenza...

**Fátima Ínsua López:** ¿Canto custou a ordenación provisional?

**Alcalde-presidente:** Foi un contrato menor, preto de 18.000€

**Roberto Gómez Lesta:** A estrada de Vilacova, cando chega a Oza Cesuras, penso que é da Deputación, pero está en moi mal estado.

**Alcalde-presidente:** Que se lle mande unha solicitude á Deputación. Esperemos que nos faga caso.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde Presidente dá por finalizado o acto ás catorce horas e quince minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O Alcalde Presidente

O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés

